

RESOLUCIÓN do 26 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a participación no programa de formación “Observa_Acción: Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais”, durante os cursos escolares 2022/23 e 2023/24, que se levará a cabo a nivel autonómico, nacional e internacional.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación no seu título III, capítulos III e IV, referidos á formación e ao recoñecemento, apoio e valoración do profesorado, e nos artigos 102, 103 e 105, establece que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. Así mesmo, establece que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuíta e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación nelas.

O Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, pon de manifesto, entre outros aspectos, que a Rede de Formación será a responsable da organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos. Dita formación estará baseada na análise desta realidade docente, xunto cos cambios desenvolvidos na sociedade actual, coa presenza das tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos da vida, adaptarse ao contexto sociocultural e lingüístico, será coherente coas suxestións de organismos internacionais e colaborará con outras institucións no eido educativo.

En maio 2015, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estableceu o seu modelo de Competencias Profesionais Docentes, no que se recollen todos os ámbitos nos que a docencia de excelencia deberá basear a súa práctica e que se convirten, polo tanto, en liñas prioritarias de formación en Galicia.

De acordo con isto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, estableceu con carácter experimental o programa de innovación educativa Observa_Acción durante o curso escolar 2017/2018. Durante os seguintes cursos académicos (2018/19 e 2019/20) ampliouse a colaboración incluíndo ás comunidades de Castilla y León, Principado de Asturias e La Rioja.

Dadas as restricións sanitarias derivadas da pandemia da Covid-19, o programa Observa_Acción quedou en suspenso, mais actualmente, e dadas as prioridades establecidas no Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2022/2023, é preciso recuperalo.

En consecuencia, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. *Obxecto e finalidade*

Esta resolución ten por obxecto establecer o programa “Observa_Acción: Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais” (en adiante, Observa_Acción), que se desenvolverá en centros públicos non universitarios durante dous cursos escolares, 2022/2023 e 2023/2024.

O programa Observa_Acción ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.



Segundo. *Obxectivos do programa*

Os obxectivos que se perseguen con este programa son os seguintes:

- Experimentar novas vías de formación do profesorado e favorecer a innovación educativa nos centros educativos de Galicia, así como a colaboración con centros doutras comunidades autónomas e/ou países de ámbito europeo.
- Facilitar ao profesorado e aos membros do equipo directivo dun mesmo claustro a posibilidade de observar de forma directa metodoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe, xeitos de relación e comunicación, ou vías de xestión dos recursos propios e alleos, fomentando a adaptación e a aplicación do aprendido na súa praxe diaria.
- Fomentar o traballo en equipo de grupos de profesores/as cun interese común, incluíndo a observación activa da práctica docente de todos os seus membros, establecendo así vías de comunicación para o intercambio de boas prácticas, a reflexión, a formación metodolóxica sobre aspectos innovadores nos procesos organizativos e didácticos e a realización de proxectos de forma conxunta.
- Potenciar o traballo en equipo entre centros educativos con intereses compartidos, establecendo irmandades que fomenten a reflexión sobre aspectos organizativos, metodolóxicos e formativos innovadores para ofrecer unha formación de calidade en beneficio do alumnado.
- Favorecer a internacionalización dos centros educativos, ofrecendo a posibilidade de levar a cabo proxectos con outras Comunidades Autónomas e/ou países, e fomentando a integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa propia práctica docente.
- Aplicar e revisar protocolos de observación de práctica docente e potenciar accións metodolóxicas innovadoras para a mellora dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

Terceiro: *Liñas de traballo do Plan Anual de Formación do Profesorado*

As liñas de traballo recollidas no Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2022/2023 deberán constituír os alicerces do programa Observa_Acción. Son as seguintes:

1. Competencia dixital: **Educación e transformación dos centros.**
 - Diseñar e implementar o Plan dixital do centro.
 - Analizar a competencia dixital dos diferentes sectores da comunidade educativa.
 - Identificar, empregar e enriquecer espazos virtuais para o traballo en rede.
 - Proxectar, organizar, implementar e avaliar iniciativas formativas no ámbito STEM.
 - Definir accións para o fomento da creatividade e do emprendemento.
 - Formular propostas de mellora de uso dos Polos creativos.
2. Competencia didáctica: **Deseño e desenvolvemento dos novos currículos conforme os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).**
 - Mellorar, xestionar e dinamizar a biblioteca escolar.
 - Comparar, propoñer e/ou avaliar estratexias ou iniciativas concretas de atención á diversidade na aula/centro educativo.
 - Identificar e relacionar os elementos do currículo e implementalos nas programacións didácticas.
 - Proporcionar múltiples formas de representación, acción, expresión e implicación en base aos principios do DUA.
 - Revisar diversas metodoloxías didácticas, seleccionar as máis axeitadas para o contexto segundo as evidencias, implementalas e avaliar a súa efectividade.
3. Competencia en **Innovación e investigación.**



- Diseñar, establecer e aplicar plans de mellora dos centros: Xestións de calidade.
- Analizar o uso dos espazos e adecualos ao Plan de Arquitectura Pedagóxica.
- Propor estratexias e ámbitos de intervención para promover a vida saudable.
- Observar e optimizar a práctica docente a través da observación inter-pares e inter-centros.
- Diseñar, implementar e avaliar estratexias de desenvolvemento sostible.

4. Competencia en **Educación inclusiva e coeducación.**

- Determinar accións para a mellora da convivencia e benestar emocional.
- Establecer maior fluidez nas relacións coas familias.

5. Competencia comunicativa: **Programas de Plurilingüismo e internacionalización dos centros educativos.**

- Mellorar a competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras.
- Implementar o tratamento integrado das linguas.
- Participar en proxectos europeos.
- Colaborar para mellorar a aprendizaxe e promover a cidadanía global.

Cuarto. Fases do programa.

O contido do programa estará baseado na formación docente dende o punto de vista da observación entre iguais, da reflexión individual e/ou grupal dos propios docentes, do intercambio de boas prácticas e da implementación do aprendido na aula dos docentes participantes.

O programa Observa_Acción terá unha duración de **dous cursos académicos** e desenvolverase en **catro fases** (dúas en cada ano lectivo) que se detallan a continuación:

O centro educativo establecerá as medidas organizativas pertinentes para que o programa poida desenvolverse de maneira efectiva e para que as actividades lectivas sexan atendidas cos recursos propios do centro. Así mesmo, outorgarase flexibilidade horaria para a correcta realización das actividades asociadas a cada unha das fases do programa.

1. Observa_Acción. Fase Intracentros (Comparte)

A primeira fase deste programa realizarase entre docentes **do mesmo centro educativo**. Consistirá na observación da práctica docente e xestión da aula, así como no intercambio de información e posterior reflexión conxunta sobre a observación da práctica docente.

A observación poderá realizarse sobre unha ou varias liñas de traballo definidas no Plan Anual de Formación do Profesorado (apartado terceiro). Ofrécese a posibilidade de participar en grupos do mesmo ou de distintos departamentos.

Esta etapa será coordinada polo equipo directivo co asesoramento do CAFI/CFR asociado ao centro.

2. Observa_Acción. Fase Intercentros (Acolle)

A segunda fase está dirixida a equipos de docentes de **varios centros de todo o ámbito da comunidade autónoma de Galicia**. Cada centro terá outro asignado co que intercambiará boas prácticas docentes durante un máximo de 2 días, mentres actuará como mentor e observador, compartindo, colaborando, reflexionando, observando e formándose mutuamente.

O equipo implicado estará integrado por un representante do equipo directivo formando parte dun grupo de entre 3 a 5 docentes que realizarán unha visita a outro centro educativo para observar a súa práctica profesional e implicarse nun diálogo profesional que contribúa á mellora das súas capacidades.

Esta etapa será xestionada polo equipo directivo e coordinada polo CAFI/CFR da área de asesoramento correspondente a cada centro.



3. Observa_Acción. Fase Estatal (*Conecta*)

Trátase dunha fase de colaboración **entre diferentes comunidades autónomas** adheridas ao plan de Observa_Acción.

Consistirá, como na fase anterior, na estadia e/ou recepción dun máximo de 5 docentes (1 do equipo directivo), durante un máximo de 3 días, a centros dunha ou varias das comunidades autónomas asociadas para realizar a observación. Posteriormente, proverase retroalimentación e realizarase unha reflexión conxunta entre o profesorado participante, co fin de introducir melloras concretas na práctica de aula ou do centro.

4. Observa_Acción. Fase Europea (*Internacionaliza*)

A última fase do programa consistirá nunha experiencia de Observa_Acción visitando un centro educativo **dun dos países socios europeos**. Esta fase permitirá entrar en contacto coa realidade diaria dun sistema educativo nun contexto internacional.

A participación en cada unha das fases será **requisito indispensable** para a realización da seguinte.

As estadias formativas non poderán supoñer a paralización das actividades lectivas ou a interrupción do funcionamento ordinario dos centros observados e observadores. Do mesmo xeito, deberase acudir puntualmente ao inicio da xornada escolar ao centro onde se vai realizar a observación.

Ao comezo das fases 1 e 2, os centros elixidos participarán nunha actividade formativa co fin de coñecer os principios e ferramentas esenciais para desenvolver a observación docente con éxito.

Ao final de cada fase, os centros participantes elaborarán unha memoria final segundo as indicacións establecidas no **Anexo V**. Esta memoria, que se poderá realizar no formato que se considere máis axeitado, será entregada para a súa valoración e tida en conta para a selección na seguinte fase.

Dado que un dos obxectivos deste programa é provocar un efecto catalizador mediante o cal se multipliquen e difundan ao profesorado os aspectos observados para poder desenvolverlos no propio centro, é recomendable difundir as aprendizaxes tanto no propio claustro, na web do centro ou por outras vías que se consideren pertinentes (redes sociais, prensa local, etc).

Así mesmo, os centros participantes asumen o compromiso de compartir o aprendido nas actividades formativas organizadas pola Rede de Formación.

Quinto. *Temporalización*

A temporalización das fases do programa será a seguinte:

Primeira fase: De xaneiro a marzo 2023.

Segunda fase: De marzo a xuño de 2023.

Terceira fase: De outubro de 2023 a febreiro 2024.

Cuarta fase: De febreiro a xuño de 2024.

As datas para a realización da observación serán flexibles dentro destes períodos.

Sexto. *Destinatarios e perfís de participación*

O programa Observa_Acción vai dirixido aos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas non universitarias, tendo prioridade na adxudicación das prazas os centros de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.



Na primeira fase, formaranse grupos de traballo entre profesorado do mesmo centro. É recomendable a participación de docentes de diferentes niveis, ciclos e materias, para fomentar o enriquecemento e constituír un equipo plural.

A partir da segunda fase estableceranse dúas modalidades de observación simultáneas segundo o perfil profesional dos seus integrantes. Son as seguintes:

1ª modalidade: Unha persoa representante do equipo directivo cooperará, con persoas responsables dos equipos directivos dos centros asociados, na observación relativa a competencias para o liderado, xestión de recursos propios e alleos, estratexias comunicativas e colaborativas.

2ª modalidade: Un grupo de docentes cooperará con outros/as docentes dos centros irmandados, na observación relativa ás competencias docentes vinculadas ás liñas de traballo recollidas no apartado terceiro desta Resolución.

Sétimo. Selección de centros participantes

A participación nas diferentes fases dependerá das prazas ofertadas que se outorgarán baixo os criterios de selección recollidos neste documento. É condición indispensable a participación activa na fase anterior (é dicir, para a participación na fase 3ª, o centro terá que ter participado na fase 2ª, para a que, á súa vez, terá que ter participado da fase 1ª). Como excepción, os centros educativos que teñan participado nas convocatorias anteriores de Observa_Acción quedarán exentos da obriga de participación nas fases 1 e 2.

Para a inscribirse no programa Observa_Acción, deberase completar o formulario de participación (**Anexo I**), no que se elixen as fases que o centro desexaría realizar, e o compromiso de participación (**Anexo II**). Alén diso, será preciso presentar un breve proxecto, segundo os parámetros recollidos no **apartado oitavo** e tendo en conta a grella de puntuación do **Anexo IV**.

A selección para a primeira fase do programa farase en función do baremo explicitado no **apartado noveno** e no **Anexo III**.

Para a selección na segunda fase engadirase a dito baremo a puntuación obtida na valoración da memoria final da primeira fase.

Para a selección na terceira fase engadirase á puntuación anterior a da memoria final da segunda fase.

Para a cuarta fase engadirase a puntuación da memoria final da terceira fase.

Os centros participantes en anteriores edicións que quedaran exentos da participación nas fases do primeiro ano, poderán presentar toda a documentación, ben durante a presente convocatoria (2022/2023), ben na vindeira (2023/2024). En troques da memoria final, poderán achegar unha memoria con evidencias da pegada do programa no centro e/ou nas aulas.

Para a selección relativa á participación na 3ª e 4ª fase, unha vez recibidas e avaliadas as memorias dos centros participantes na convocatoria 2022/2023, así como as novas solicitudes dos centros participantes en anteriores edicións, farase unha nova reordenación en función das puntuacións asignadas.

A selección dos centros será levada a cabo por unha comisión de selección integrada polo Xefe do Servizo de Programas de Formación, as persoas directoras de CAFI e CFR e unha persoa asesora do servizo de programa de formación.

O CAFI/CFR correspondente coordinará o programa e fará o seguimento do seu desenvolvemento.



Oitavo. *Proxecto*

Para participar nesta convocatoria, os centros educativos redactarán un proxecto dunha extensión máxima de 10 páxinas. A continuación facilítase o guión que se deberá seguir na súa elaboración:

I. **Introdución**

II. Breve descripción do traballo desenvolvido en formación e innovación nos últimos anos (PFPP, Plan Proxecta, Educación Responsable, Piteas, Seccións Bilingües, etc.): Consecución de obxectivos, implicación do claustro, avaliación do proceso realizado a nivel de centro.

III. **Xustificación para o curso 2022/2023**

1. **Motivación para participar:** Intereses, obxectivos e necesidades para realizar a observación de aulas e para a observación entre membros dos equipos directivos (Fases 2, 3 e 4).

2. Xustificación da elección de polo menos unha das **liñas de traballo** do plan anual (*vid.* apartado terceiro) incluíndo una **proposta de cambios** ou melloras concretas da práctica docente derivadas da experiencia.

3. **Contexto educativo:** Situación actual do centro con respecto a boas prácticas educativas ou de innovación que se están levando a cabo en coherencia coas liñas de participación deste programa.

4. **Participación en actividades de divulgación** (xornadas ou encontros) organizadas pola Rede de Formación do profesorado ou outras entidades, nas que se dean a coñecer as boas prácticas educativas ou de innovación levadas a cabo no centro.

IV. **Participantes. (excluído do cómputo das 10 páxinas)**

1. Equipos directivos.
2. Docentes: Especialidade e materias impartidas no presente curso.
3. Porcentaxe de participación do claustro no proxecto

V. **Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais**

Noveno. *Criterios de baremación.*

Primeira fase:

Teranse en conta os seguintes criterios:

1. Valoración do proxecto **ata un máximo de 4 puntos**. Será necesario acadar un mínimo de 2 puntos no proxecto para poder ser seleccionado.

2. Participación nos dous últimos anos en PFPP: **0,5 por cada liña do plan ata un máximo de 2 puntos**.

3. Centros que desenvolvesen proxectos educativos internacionais nos últimos dous cursos: Erasmus + ou eTwinning (posto en práctica no propio centro educativo): **0,5 por proxecto e curso escolar ata un máximo de 2 puntos**.

4. Centros que, non tendo desenvolvido o seu propio proxecto Erasmus + ou eTwinning nos anos anteriores, contén con docentes que estiveron implicados en proxectos Erasmus+ ou eTwinning nos dous últimos anos: **0,25 puntos por docente en proxectos diferentes ata un máximo de 2 puntos**.



5. Centros que desenvolveran un proxecto de innovación (Plan Proxecta, Educación Responsable, Piteas, seccións bilingües,...) nos dous últimos cursos: **0,5 puntos por proxecto e curso ata un máximo de 2 puntos.**

6. Centros que non participaron en convocatorias anteriores deste programa: **2 puntos.**

No caso de non conformidade coa baremación de cada apartado, requirirase a achega de documentación xustificativa.

Se houberse empate na puntuación total obtida, seleccionarase en primeiro lugar aos centros cunha maior puntuación no criterio 1, a continuación, nos criterios: 2, 6, 3, 4 e 5 (segundo esta orde).

O número máximo de centros seleccionados na primeira fase será de 10 por cada ámbito CFR/CAFI (70 en total).

Se quedasen prazas vacantes nalgún ámbito, adxudicaranse de forma proporcional a aqueles CFR/CAFI que tivesen máis solicitudes.

Segunda fase:

Á puntuación obtida no baremo da primeira fase engadirase a valoración da memoria final da primeira fase (vid. **Anexo V**) que terá **un máximo de 4 puntos.**

O número máximo de centros na segunda fase será de 36, non tendo neste caso restricións xeográficas. Para a selección destes centros terase en conta a puntuación obtida na primeira fase a cal se lle engadirá a puntuación da memoria final da primeira fase, que terá un máximo de 4 puntos.

En caso de empate no baremo, darase prioridade ao centro que obteña maior puntuación en dita memoria

Terceira e cuarta Fase

O número de prazas destas fases 3 e 4 determinarase en función da dispoñibilidade dos socios tanto a nivel de nacional como a nivel internacional.

Igual que na segunda fase, á puntuación total obtida engadirase á da memoria final da fase anterior cunha puntuación **máxima de 4 puntos.**

Décimo. Contido e estrutura do programa.

O programa Observa_Acción desenvolverase nas catro fases anteriormente indicadas. Unha vez sexan seleccionados os centros educativos e identificadas as persoas participantes, dará comezo a primeira fase coa seguinte estrutura:
Presentación do programa.

1. Realización dunha formación inicial relacionada con aspectos relativos á realización e aproveitamento de accións de observación de práctica docente e posterior reflexión sobre a mellora da práctica educativa.
2. Organización por parte do equipo directivo das quedas de observación e flexibilización de horarios. Consistirá na toma de contacto entre docentes ou grupos asociados.
3. Intercambio de experiencias docentes. Realízanse as observacións na aula e as reunións entre as persoas participantes.



4. Avaliación final do proxecto. Realizarase un encontro coa exposición conxunta dos puntos máis salientables da acción, realizando propostas de mellora para as vindeiras edicións.

5. Realización da memoria final (**Anexo V**)-

Ao rematar a primeira fase, os centros seleccionados comezarán a segunda, cunha estrutura moi similar:

1. Realización dunha formación inicial específica que ampliará a recibida na fase anterior.
2. Organización das observacións entre centros por parte dos CAFI/CFR en coordinación cos equipos directivos.
3. Intercambio de experiencias docentes. Realizaranse as visitas e posteriores reunións entre os/as docentes nas que se compartirán aprendizaxes.
4. Avaliación final do proxecto. As persoas participantes reuniranse dentro do seu propio centro para unha exposición conxunta dos puntos máis salientables da acción, integrándoos na memoria final (**Anexo V**).

A estrutura da terceira e cuarta fase, a realizar no vindeiro curso académico 2023/2024, será similar á da segunda fase.

Décimo primeiro. *Desenvolvemento do programa, metodoloxía, ferramentas e temporalización*

O programa desenvolverase ao longo dos cursos 2022/2023, 2023/2024 e basearase nun achegamento sistemático á observación e á coavaliación.

Unha vez resolta a selección de participantes, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos facilitará, a través do CAFI/CFR, instrucións concretas e compartirá as ferramentas para desenvolver aspectos relacionados coa comunicación e intercambio entre centros así como a avaliación do proxecto. A xestión e seguimento dos intercambios corresponderalle á Rede de Formación (CAFI e CFR).

Décimo segundo. *Certificación do programa*

Segundo o establecido no artigo 37 da Orde de 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa recoñecerá a participación activa e satisfactoria no programa como actividade de formación, cunha equivalencia de 20 horas para a primeira fase e de 30 horas de formación para cada unha das seguintes fases.

Décimo terceiro. *Financiamento do programa*

Os gastos derivados do desenvolvemento do programa corresponderán á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Décimo cuarto. *Prazos, solicitude e documentación necesaria*



O prazo de presentación de solicitudes e da documentación será dende o día seguinte á publicación da presente resolución no portal educativo e ata o día 27 de novembro de 2022.

As persoas directoras dos centros interesados en participar nesta convocatoria deberán facer a súa preinscrición, a través da aplicación informática Fprofe (<https://www.edu.xunta.gal/fprofe/>)

Ademais, deberá remitir ás contas de correo do CFR/CAFI correspondente (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3095>) dentro do prazo establecido (27 de novembro) a seguinte documentación:

- Os **Anexos I, II e III** debidamente cubertos e asinados.
- O **proxecto** elaborado para o programa.
- Aqueles **documentos** que non consten en Fprofe e que se engadiron ao baremo.

Décimo quinto. Resolución

1. Unha vez efectuada a selección pola Comisión, as resolucións provisionais faranse públicas no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, coa listaxe cos centros adxudicatarios do programa Observa_Acción ordenados segundo a puntuación recibida.

2. A partir da publicación das resolucións abrirase un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, de ser o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da dirección xeral, quen resolverá a relación final dos plans seleccionados.

A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo



Anexo I

Formulario de participación no Programa Observa_Acción

PERSOAS PARTICIPANTES	
Apelidos, nome	DNI

Fases nas que desexa participar. Marque só a(s) que proceda
(a participación nunha fase implica a obrigatoriedade de participación nas fases anteriores)

- Fase1
 Fase2
 Fase 3
 Fase 4

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE E SELO DO CENTRO				
Lugar e data				
	,		de	
			de	



Anexo II

Compromiso de participación e actualización por curso escolar nas distintas fases do programa Observa_Acción, así como de entrega da memoria en relación ao aprendido

Datos do centro

Declaración xurada da persoa representante
Primeiro apelido:

Segundo apelido:

Nome:

NIF:

Correo electrónico:

Teléfono:

Sendo requisito o compromiso de participación e actualización (mínimo 20 horas) por curso escolar en relación ao programa Observa_Acción (fases 1 e 2).

SI

Sendo requisito o compromiso de presentación de memoria que recolla a retroalimentación e avaliación da participación no programa Observa_Acción.

SI

En , a de de 202....

(Sinatura e selo do centro)



Anexo III Baremo

PUNTUACIÓN TOTAL PARA ACCEDER Á 1ª FASE (Σ = proxecto + autobaremo)			
Puntuación do PROXECTO (ata 4 puntos)			
AUTOBAREMO		Cantidade	Puntos
	Participación en liñas de PFPP nos dous últimos anos (0,5 por cada un ata un máximo de 2 puntos).		
	Proxectos de innovación: Proxecta, Educación Responsable, Piteas, Seccións Bilingües nos dous últimos cursos (0,5 por cada un ata un máximo de 2 puntos)		
	Proxectos educativos internacionais: Erasmus+, eTwinning (0,5 por cada un ata un máximo de 2 puntos)		
	Centros que non participasen anteriormente neste programa (2 puntos)		
PUNTUACIÓN PARA ACCEDER Á 2ª FASE (Σ = puntuación fase 1ª + memoria fase 1a)			
Puntuación da MEMORIA da 1ª fase (ata 4 puntos)			
PUNTUACIÓN PARA ACCEDER Á 3ª FASE (Σ = puntuación fase 2ª + memoria fase 2a)			
Puntuación da MEMORIA da 2ª fase (ata 4 puntos)			
*Para centros exentos da participación na 1ª e 2ª fase Memoria con evidencias da pegada do programa no centro e/ou nas aulas. (ata 8 puntos) (segundo apartado sétimo)			
PUNTUACIÓN PARA ACCEDER Á 4ª FASE (Σ = puntuación fase 3ª + memoria fase 3a)			
Puntuación da MEMORIA da 3ª fase (ata 4 puntos)			

En , a de de 202...

(Sinatura e selo do centro)



Anexo IV

Grella de puntuación para a baremación do proxecto (a efectos informativos, non debe achegarse á solicitude)

		Puntuación máxima asignada
I. Conexión do proxecto coa/s liña/s de traballo do Plan Anual de Formación do Profesorado en Galicia.		0,5
II. Intereses, obxectivos e necesidades para realizar a observación.		1
III. Porcentaxe do claustro implicado na primeira fase do programa.		1
De 0% a 5 %	0,2 puntos	
De 5 % - 10 %	0,4 puntos	
De 10 % - 15 %	0,6 puntos	
De 15 % - 20 %	0,8 puntos	
Máis do 20 %	1 puntos	
IV. Xustificación do impacto no centro e aula		0,75
V. Plan de divulgación dos resultados acadados		0,75
TOTAL		4



Anexo V

Indicacións para a elaboración da memoria final de cada fase

A memoria de participación ten un dobre obxectivo:

1. Servir como ferramenta de reflexión e avaliación;
2. Dar a coñecer o programa Observa_Acción a outros/as (sobre todo a comunidade do contexto do propio centro educativo).

Listaxe de comprobación:

- A memoria está dirixida a unha **audiencia**: Claustro, familias, alumnado, comunidade educativa en xeral.
- Fíxose unha selección relevante de **contidos** da experiencia: Razóns para embarcarse no programa Observa_Acción; expectativas iniciais; valoración do desenvolvemento da observación; aprendizaxes extraídas; proposta de cambios; ideas para a continuidade.
- Elixiuse o **formato** máis axeitado para o público elixido: Infografía, presentación interactiva, audio, vídeo, artigo, ...
- Se a presentación contén **imaxes, música ou vídeo**, respectan os dereitos de autoría. Se non son de creación propia, contan cunha licenza creative commons (*cc-by-nc-sa*).
- No caso da inclusión de audio ou vídeo, achegan os correspondentes **formularios de cesión de dereitos de imaxe e/ou voz** asinados (dos pais/nais/persoas titoras se hai menores).
- Indícase a **data** na que se presentou a memoria á audiencia elixida.
- Rexístranse **evidencias** (fotografías, vídeos, enquisas, cuestionarios de valoración,...) deste evento.
- No caso da memoria das Fases 3 e 4 (segundo ano do programa), achéganse evidencias da **consolidación na práctica docente** dalgunha(s) da(s) aprendizaxe(s).

